

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

14020 *Corrección de erros da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

Advertidos erros na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao nº 236, do 2 de outubro de 2015, efectúanse as oportunas rectificacións:

Na páxina 49, no número 3 do artigo 81, onde di: «Os organismos e entidades vinculados ou dependentes da Administración autonómica e local rexeranse polas disposicións básicas desta lei que lles resulten de aplicación e, en particular, polo disposto nos capítulos I e IV e nos artigos 129 e 134, así como pola normativa propia da Administración a que se adscriban», debe dicir: «Os organismos e entidades vinculados ou dependentes da Administración autonómica e local rexeranse polas disposicións básicas desta lei que lles resulten de aplicación e, en particular, polo disposto nos capítulos I e VI e nos artigos 129 e 134, así como pola normativa propia da Administración a que se adscriban».

Na páxina 51, número 3 do artigo 84, onde di: «As universidades públicas non transferidas rexeranse polo disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, que lles sexa de aplicación, e polo disposto nesta lei no non previsto na súa normativa específica», debe dicir: «As universidades públicas non transferidas rexeranse polo disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, que lles sexa de aplicación, e polo disposto nesta lei no que non estea previsto na súa normativa específica».